

Poesía: metáfora e interioridade

Elena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, ELENA (2012 [1991]). “Poesía: metáfora e interioridade”. *Dorna*: 19, 135-138. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1919>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, ELENA (1991). “Poesía: metáfora e identidade”. *Dorna*: 19, 135-138.

* Edición dispoñíbel desde o 5 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

POESÍA: METÁFORA E INTERIORIDADE.

Elena González Fernández

*O amor é o mesmo, trasvasado;
hai uns ollos no fondo do espello
que seguen permanentes. E pasa a mocidá,
pasan os ventos;
pero hai un intre que non pasa nunca.*

Antón Avilés de Taramancos, de O TEMPO NO ESPELLO

Cómpre comezar esta solaina lembrando a desaparición de Avilés de Taramancos: o poeta que soubo andar coa palabra polas moradias do vento, de Ulises, do Cauco, da terra e de si mesmo.


Unha das novas máis importantes de 1991 foi a aparición da colección Espiral Maior Poesía, dirixida por Miguel Anxo Fernán-Vello, que nace ocupando xa un posto a carón desoutras coleccións que ata o de agora foron unha referencia inexcusable en canto a calidade e novidade. Bo é que xurdan este tipo de empresas editoriais (especialmente agora que desapareceu o premio Leliadoura, un importante mantedor da boa colección de poesía de Sotelo Blanco), aínda que estean condeadas xa desde o principio ó lector minoritario dunha literatura minorizada, na que agora domina a narrativa curta, a procura de novos xéneros (ou sexa, a ampliación do número de lectores) feita, en moitos casos, por autores que antes que narradores foron (algúns aínda son) poetas. Os tres libros aparecidos demostran vontade de colección importante, refrendada polos nomes dos seus autores: María Xosé Queizán, Xosé María Álvarez Cáccamo e Antonio Domínguez Rey.

METAFORA DA METAFORA é o primeiro poemario (que non poema) publicado por unha autora xa coñecida na narrativa e no ensaio, e que continúa a defender noutro xénero, noutra clave comunicativa, a mesma teima: a rebeldía contra a consideración coutada da muller. Consonte o apuntado polo título, é unha reflexión crítica, e non

unha simple asunción, da bagaxe asentada dos tópicos e dos autores que fan parte da nosa cultura (así Beatriz, Tristán, Isolda ou Ofelia mestúranse nunha mesma materia poética con Chrétien de Troyes, Rosalía Castro, Juan de la Cruz, Cunqueiro, M.C. Kruckenber...). O poeta (como figura informe universal) e os poetas son o punto de partida para rexeita-las idealizacións feitas da amada, en canto que patrimonio exclusivo do poeta e indiferente ós sentimentos da muller ("Ela ten a forma das miñas mans / Ela ten a cor dos meus ollos / Ela fúndese na miña sombra / dixo o poeta. / Ela non existe"). Tense dito que é un libro culturalista de mais, con excesivas referencias intertextuais, pero esta afirmación nega o principio do que partiu a autora para debulla-las súas reflexións sobre os tópicos literarios e a mentalidade que subxace neles. Por outra parte, os poemas non son unha reconstrución de arquitecturas xa feitas, senón que transforma os tópicos noutros novos, elabora metáforas sobre as metáforas xa dadas cun contido renovado, con poemas directos e contundentes para non diluí-la mensaxe.

Un poeta clave da nosa poesía desde 1976, Xosé María Álvarez Cáccamo, publicou tamén a súa última obra, O LUME BRANCO, de carácter novamente intimista, logo da poesía reivindicativa da súa anterior publicación, PREGO DE CARGOS.

Trátase dunha obra madura e persoal de reflexión sobre o seu propio mundo literario, sobre a memoria do eu poético ("na memoria que inútilmente desdobro e volto a



Alfonso Costa

pregar con piedade de home triste"). Coa corporeidade (pai, lábios, muller, terra, corpo) como punto de partida, volve sobre os sentimentos, as emocións e a memoria íntima. Esta serie de poemas concebidos como pasaxes correlativas que refán a infancia (coa figura do pai como punto de referencia) e, especialmente, o amor (centrado na muller) como experiencias cun transformando dooroso, compoñen unha reconstrucción de emocións que, unida ás formas que escolleu (o poema en prosa e mailo verso longo), raia a narratividade. Efectivamente, o libro, inzado de metáforas, procura a sinceridade e refuga as medidas e as rimas para que a linguaxe flúa dun xeito máis natural. Lonxe, moi lonxe do culturalismo expreso que está a aparecer noutros autores, Cáccamo prefere seguir investigando a partir do seu propio material poético.

Con FENDAS, Antonio Domínguez Rey, poeta castelán, e bo coñecedor da poesía desde o punto de vista teórico, publica o seu primeiro libro integramente en galego, con versión feita por el mesmo en castelán. Os poemas foxen tanto da narratividade coma das ropaxes métricas e procuran a forma núa, a concisión no emprego das palabras, que aparecen sen máis referencias que a si mesmas, construíndo poemas breves sobre a arte, a vida, a natureza, e onde o título é a palabra clave da composición.

Noutras editoriais apareceron os poemarios doutros autores xa ben coñecidos na poesía galega. Manuel María, en COMPENDIO DE ORBALLOS E INCERTEZAS, fai de novo unha aposta polos detalles miúdos de cada día, que parecen pequenas pingas das nosas emocións, porque o lector non é alleo a palabras que asume como propias. Defende a poesía nidia que pode ser patrimonio común ("hai que / facer a palabra flor / esplendorosa que ilumine / e purifique os nosos / impuros beizos luxados / con tanta incontinencia, / retórica valeira / e palabras cadavéricas / que xa non son verdade"). Os poemas, agru-

pados por series (baladiñas, fábulas, proverbios, madrigais, rondós, parábolas, hinos), parecen querer recoller formas que fan parte da literatura común. A maioría están escritos en verso libre, pero algúns (as fábulas e as parábolas) son integramente series de cuartetos, forma poética que moitas veces mingua a intensidade e a sinceridade da linguaxe sinxela que emprega no libro.

Farruco Sesto, poeta que agora mesmo vive en Venezuela, publicou ISOLDA (o seu primeiro libro, pois ata agora viña espallando a súa obra en pequenas edicións ciclostiladas). Procura en primeiro termo a indentificación do lector cun eu poético que semella espirarse para aparecer sincero cando fala sen saudade da patria lonxana ("¿Que pasa cando a patria, esquecida, / tachou o noso nome?"), da emigración, da escrita, e especialmente cando canta o amor, concebido como necesidade de comunicación, como loita contra a soidade e contra a morte, mesmo cando só é lembranza, empregando unha linguaxe fresca e nada preciosista.

O I Premio de Poesía Miguén González Garcés foi para Xavier Rodríguez Baixeras con VISITANTES. Estamos de novo diante dun autor que ten ben asumidos os metros clásicos (o soneto ou a lira), sen rexeita-lo uso do poema en prosa ou o verso libre, manifestándose sempre coa mesma naturalidade, con voz persoal. O libro ten vontade circular. Desde "Os visitantes" deica "O visitante", primeiro e derradeiro poemas do libro, asoman as pantomas da súa memoria, que aparecen ocultas tralo pesimismo e a dor ("agora sei que nunca madurezo, / que a vida ma prolonga un sangue escuro, / máis preto de xirar no seu esgoto").

Na colección Dombate publicouse o último libro de Antón Tovar, A NADA DESTEMIDA. Parte o autor dunha postura existencialista onde a desaparición de Deus como meta e excusa obriga ó cuestionamento diario do acontecer do home, marcada pola decepción e a negatividade e mais polo

paso imparable da vida. Procura un aire atemporal, por iso acode á forma do soneto (quizais un dos metros máis reivindicados pola poesía moderna na procura do clasicismo), ben medido pero falto de intensidade.

Na mesma colección publicouse o primeiro libro de poemas de Gonzalo Navaza, premio Eusebio Lorenzo en 1989 e Premio da Crítica 1991. Precedido dun prólogo inexcusable de Ramiro Fonte, clásicos da literatura, culturalismos que aparecen renovados a través dunha voz poética que procura non implicarse nos versos, que prefire o uso da segunda e da terceira persoas. O paso irremisible do tempo, moitas veces visto coa distancia da ironía, analízase desde distintos aspectos: a soidade, o paso da vida (como un feito asemade progresivo e pendular) e a memoria (concebida como unha suma da individual -a que realmente aparece no fondo dos versos- e da colectiva -como formas e tópicos xa coñecidos sobre so que construír unha nova expresión poética-). Poemas para que o lector reflexione desde a distancia sobre a memoria común.

Luísa Villalta (que ven de publicar un ensaio sobre o DON HAMLET de Cunqueiro)

deu á luz o seu primeiro poemario. Ela mesma explica no prólogo que este era o nome que os compositores do Renacemento daban ás obras destinadas só a minorías e, efectivamente, iso é o que ocorre con MUSICA RESERVADA. Os elementos musicais, especialmente o ritmo, dan forma ós poemas, difíciles, e configuran as palabras como sons dunha orquestra, con máis intención de pura evocación formal ca de contido.

Tamén desde a poesía cómpre referirse a ese novo fenómeno que son as edicións non venais que se regalan coa compra do xornal. Dentro da colección de DIARIO 16 DE GALICIA, apareceu un libro inédito de Lino Braxe, TERRITORIOS, onde poemas e contos aparecen mesturados. Incide nas culturas mediterráneas (Grecia, os países árabes), especialmente cos poemas cívicos dedicados a Palestina.

Xa fóra dos circuítos comerciais aparece un cartafol de poemas, A ROTA DOS BALEIROS, con deseño de Tokio. Poemas de tres autores novos pero non descoñecidos: Francisco Alonso, último premio Blanco Amor (que deixa que o eu poético fale sincero a través do fluir natural da linguaxe e do ritmo). Francisco Souto e mais Miro Villar.